

BOLSA 'NACHO MIRÁS' PARA XORNALISTAS

Bases XI Edición

1. Unha bolsa para proxectos xornalísticos

O Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia e Abanca organizan a XI edición da **Bolsa Nacho Mirás** para apoiar a posta en marcha de novos proxectos xornalísticos en Galicia. A bolsa conta tamén coa colaboración da Facultade de Ciencias da Comunicación da Universidade de Santiago de Compostela (USC).

O obxectivo das entidades convocantes é apoiar **proxectos profesionais** de xornalistas que, sen un financiamento inicial, terían moitas dificultades para ver a luz nunha contorna comunicativa cambiante e chea de dificultades crecentes como a desinformación. Ao dirixirse a proxectos novos, a bolsa pon especialmente o foco nas e nos **xornalistas noveis**, que poden presentar a esta edición os seus proxectos persoais ou aqueles outros derivados dos traballos académicos realizados na facultade e convertelos en realidade.

A iniciativa leva o nome do xornalista, colexiado do CPXG e profesor na Facultade de Ciencias da Comunicación da USC Nacho Mirás, que sempre defendeu a valía das novas xeracións de xornalistas e do traballo ético e rigoroso coa información, sen esquecer o seu aspecto estilístico.

2. Condicións xerais

- 2.1. As persoas beneficiarias serán **xornalistas titulados, estudantes de último ano** e/ou **colexiados e colexiadas** do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia.
- 2.2. Poderán concorrer os **proxectos orixinais novos** ou iniciados como máximo **un ano** antes da data da convocatoria da bolsa.
- 2.3. Os proxectos xurdidos de Traballos de Fin de Grao (TFG) ou os Traballos de Fin de Máster (TFM) poderán presentarse sempre que cumpran o resto de condicións.
- 2.4. Os traballos poderán presentarse **individualmente ou en equipo**, sempre e cando todas as persoas participantes cumpran o estipulado no punto 2.1.
- 2.5. A temática e o xénero dos traballos é **libre**. Acéptanse reportaxes escritas, proxectos de radio, audiovisuais ou fotográficos, ou relacionados coas novas tecnoloxías, iniciativas para o lanzamento dun novo medio ou proxectos xerais de tipo informativo ou comunicativo.
- 2.6. Todos os traballos deben cumprir cos principios básicos do xornalismo, incluíndo aqueles incluídos no **Código Deontolóxico** do Xornalismo Galego do CPXG e o Decálogo sobre o uso da **intelixencia artificial** no xornalismo elaborado igualmente polo CPXG. O incumprimento deste punto poderá supoñer a anulación da bolsa e o reintegro das cantidades percibidas.



3. Prazo e condicións da solicitude das bolsas

- 3.1. O prazo de recepción das propostas abrirase no momento da publicación destas bases e rematará o **15 de setembro de 2026**.
- 3.2. A documentación presentada realizarase de acordo coa documentación especificada no punto 4.
- 3.3. O xurado da bolsa só valorará as propostas enviadas no prazo indicado.
- 3.4. Cada participante ou grupo de participantes só poderá presentar ou participar nun máximo de **2 proxectos**.

4. Presentación das solicitudes e criterios de valoración

- 4.1. A presentación das solicitudes farase de acordo coa seguinte documentación:
 - 4.1.1. **Formulario de inscrición**, onde figurarán os datos do proxecto e persoa/s solicitante/s.
 - 4.1.2. Fotocopia do **título** en Xornalismo ou Comunicación Audiovisual, ou copia do **expediente** académico para os e as estudantes do último curso.
 - 4.1.3. No caso dos colexiados e colexiadas, deberán indicar o número de colexiado ou colexiada. Non se aceptarán aquelas propostas de colexiados e colexiadas que non estean ao día dos pagamentos das cotas do CPXG no momento do envío da proposta.
 - 4.1.4. **Memoria** do proxecto con, polo menos, os seguintes apartados: datos xerais do proxecto; nota informativa sobre as e os autores; descrición do proxecto; cronograma e plan de execución; persoas beneficiarias ou receptoras do proxecto; impacto social ou mediático do proxecto. Poderanse incluír aqueles anexos que se consideren oportunos.
 - 4.1.5. **Orzamento** estimado, detallando as partidas precisas.
 - 4.1.6. **Plan de continuidade** do proxecto, polo menos durante un período de dous anos.
 - 4.1.7. A documentación enviarase xunto co [formulario dispoñíbel aquí](#) por correo electrónico a xornalistas@xornalistas.gal.
 - 4.1.8. É responsabilidade das persoas participantes enviar correctamente toda a información necesaria para participar na Bolsa Nacho Mirás. A organización non ten a obriga de revisar a documentación enviada ata que remate o prazo. Aquelas candidaturas que cheguen sen algunha da documentación obrigatoria serán automaticamente eliminadas do proceso.
- 4.2. Os membros do xurado valorarán todos aqueles elementos que consideren oportunos pero, especialmente, terán en conta:
 - 4.2.1. A **orixinalidade** do proxecto, tanto en formato como en temática.
 - 4.2.2. **Viabilidade** do proxecto para a súa execución inicial e a súa continuidade no tempo.
 - 4.2.3. **Calidade** do proxecto, **rigoriedade** xornalística e **impacto social**.
 - 4.2.4. Uso do idioma **galego**.
 - 4.2.5. Que as e os autores sexan **membros do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia**.
 - 4.2.6. O xurado valorará tamén, de forma especial, aqueles proxectos presentados por **estudantes** de xornalismo e comunicación audiovisual no seu último ano de grao e os proxectos presentados por xornalistas licenciados nos últimos cinco anos.



5. Xurado

- 5.1 A organización designará un xurado que decidirá cales son os proxectos seleccionados. O xurado estará formado por tres membros da Xunta de Goberno do CPXG, un dos cales exercerá como secretario/a, unha persoa representante de Abanca, unha representante da Facultade de Ciencias da Comunicación da USC e dous ou tres xornalistas en activo.
- 5.2 O xurado poderá facer, se así o estima oportuno, unha preselección e solicitar máis información ou concrecións sobre os proxectos presentados.
- 5.3 O fallo do xurado darase a coñecer nas semanas seguintes á data límite de recepción de propostas.
- 5.4 Os prazos de presentación de traballos ou fallo poderán ser ampliados polo xurado, se así o consideran.
- 5.5 A participación nesta convocatoria implica a autorización ao CPXG e a Abanca para a utilización do material na difusión das bolsas.
- 5.6 O CPXG e Abanca resérvanse o dereito a publicar a relación das obras seleccionadas, a información correspondente ás mesmas e o nome e apelido das súas autoras ou autores por calquera medio que estimen conveniente.
- 5.7 Os traballos quedarán depositados na organización.
- 5.8 A decisión do xurado será inapelable.
- 5.9 A bolsa poderá declararse deserta, no caso de que así o estime o xurado.

6. Contía

- 6.1 A contía da bolsa é de **6.000 euros**. O xurado determinará cal é o proxecto gañador entre todos os presentados. A bolsa poderá ser dividida entre varios proxectos se o xurado así o considera.
- 6.2 De acordo coa normativa vixente, a entrega da bolsa constitúe un rendemento suxeito ao Imposto sobre a Renda de Persoas Físicas (IRPF), do seu perceptor ou perceptores, sometido á correspondente obriga de retención a conta de dito imposto por parte do pagador ou pagadora.



7. O proxecto final

- 7.1. Os proxectos seleccionados realizaranse seguindo estas condicións:
 - 7.1.1. Os proxectos deben rematarse antes do **31 de marzo de 2027**. Este prazo poderá ampliarse previa solicitude xustificada e a aprobación do xurado e da organización da bolsa.
 - 7.1.2. Nese prazo, a persoa ou persoas autoras do proxecto presentaranlle á organización o traballo rematado así como unha memoria explicativa do proceso de produción e/ou realización do mesmo.
- 7.2. **Pagamento:** O abono da bolsa realizarase en dúas fases:
 - O 50% no momento de ser concedida a bolsa.
 - O 50% á entrega do proxecto rematado.
- 7.3. **Seguimento:**
 - 7.3.1. A persoa ou persoas responsables da iniciativa comprométense a completar o proxecto no prazo previsto e de non ser así, e de non ter solicitada ampliación do prazo, terán que devolver á organización as cantidades xa percibidas.
 - 7.3.2. A organización resérvase o dereito de convocar a persoa ou persoas responsables do proxecto para que presenten un informe de estado do proxecto en calquera momento.
 - 7.3.3. Para a liberación do segundo prazo da bolsa, haberá que entregar a correspondente xustificación dos gastos do proxecto a través das facturas, recibos e/ou xustificantes correspondentes. O non cumprimento desta condición pode derivar na modificación das cantidades a percibir (minoracións) ou da non liberación do pagamento.
- 7.4. O proxecto seleccionado será:
 - 7.4.1. Divulgado na web do CPXG na forma en que este estime oportuna.
 - 7.4.2. Divulgado aos medios de comunicación da forma en que estime oportuna a organización.
 - 7.4.3. Publicado ou divulgado en medios propostos pola persoa gañadora, previa comunicación á organización
- 7.5. O proxecto finalizado deberá indicar, en todos os seus soportes e mentres siga en activo, que obtivo a Bolsa Nacho Mirás, cos logotipos e lendas que indicará a organización.
- 7.6. O xurado resérvase o dereito a rexeitar calquera proxecto que non se axuste ao redactado na solicitude orixinal.
- 7.7. O CPXG nomeará un titor ou titora para facer seguimento do proxecto durante a súa fase de execución. O seu labor será o de aconsellar sobre a realización do traballo así como solventar posibles dúbidas con respecto a estas bases ou sobre a memoria do proxecto presentado.

8. Outras normas

- 8.1. A participación na presente convocatoria implica a aceptación, por parte de cada participante, das presentes bases.
- 8.2. Non serán admitidas as propostas que non cumpran os anteriores requisitos.
- 8.3. A documentación presentada non será devolta nin se manterá correspondencia sobre ela.
- 8.4. Todas as cuestións que non figuren explicitamente recollidas nestas bases serán resoltas polo xurado ou a comisión organizadora.



9. Tratamento de datos persoais

En cumprimento do previsto na Lei Orgánica 3/2018, e na normativa europea, os datos das persoas participantes serán incorporados a un ficheiro responsabilidade do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) en relación co art. 6.1. f) do RGPD, e de acordo co disposto no artigo 22.1 da LSSI coa única finalidade de xestionar a bolsa e contactar coas persoas participantes. En ningún momento se empregará esta información para outro tipo de fins.

As persoas participantes poderán exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, oposición e cancelación mediante escrito ao correo electrónico xornalistas@xornalistas.gal.

O CPXG comprométese a tratar en todo momento os datos de carácter persoal de forma absolutamente confidencial e de acordo coas finalidades previstas nas presentes bases.